

ANEXO II

PROXECTO

LINGÜÍSTICO

DE CENTRO

VINCIOS

CEIP SERRA VINCIOS

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

PERÍODO 2015/2019

O noso obxectivo principal vai encamiñado a que os nenos e nenas utilicen de xeito activo a lingua galega. Cremos imprescindible que os nenos/as ao terminar a educación obrigatoria teñan competencia nas dúas linguas oficiais de Galicia, pero hai que ter en conta que o galego, hoxe en día, é a lingua débil e o noso obxectivo é lograr que se manteña. Os datos das últimas enquisas e a realidade das aulas amósanos que o número de falantes en lingua galega diminúe.

O NOSO CENTRO. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

O CEIP Serra-Vincios pertence ao concello de Gondomar; concretamente, está situado na parroquia de Vincios, unha zona rural, na que a lingua maioritaria é o galego. O nivel socioeconómico das familias é medio.

A política de centro aboga polo uso do galego en todos os contextos, co cal, o obxectivo fundamental é a normalización da lingua galega como lingua da comunicación tanto oral como escrita, como lingua valorada e respectada.

O centro consta de 9 unidades: 3 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria. O cadro docente está formado por 9 mestres/as titores/as, 1 mestre/a de apoio en Educación Infantil, 1 especialista en educación física, 1 especialista en inglés, 1 especialista en música, 1 mestre/a de relixión, 1 orientador/a e 1 mestre/a de pedagogía terapéutica. Ademais, contamos cun/cunha mestre/a de Audición e Linguaxe en réxime de itinerancia con outros centros. O cadro de persoal definitivo é amplo, un total de 12 mestres/as.

A porcentaxe de profesorado e alumnado do centro implicado pódese dicir que é dun 100 %, xa que participamos TODOS/AS. De feito, contamos cunha coidadora que tamén participa activamente na posta en marcha das actividades do centro; así como, dun conserxe que axuda a levalas a cabo.


Os equipos nos que se distribúe o profesorado do centro para a organización do traballo coordínanse para levalo a cabo:

- Equipo de Actividades Extraescolares.
- Equipo de Dinamización Lingüística.
- Equipo de Biblioteca.


– Equipo de PTIC.

Análise da situación lingüística


Só un 11% dos pais declara que os seus fillos falen ambas linguas por igual; se teñen que escoller unha predominante, o castelán predomina cun 36% sobre o galego, un 11%. O galego o falan un 10% dos nenos/as e o castelán un 32%. Isto implica que un 68% tende ao castelán e un 21% ao galego.



Namentres, o galego predomina cun 31% como lingua falada na casa fronte a un 20% de castelán. Só un 22% sinala que falan ambas linguas e se observamos a predominancia, predomina o castelán sobre o galego de novo.



E o dato máis alarmante sitúase na lingua na que aprenderon a falar os nenos/as. Máis da metade do alumnado fala castelán, 53%, quedando relegado o galego a un 25 %.



Necesidades detectadas

É significativo o descenso de galego falantes, o cal implicará que nas futuras xeracións o descenso sexa aínda maior. É positivo que un 97% das familias queiran que os seus fillos/as dominen as dúas linguas. Namentres, a lingua predominante é o castelán e a perda de galego falantes é un feito; polo que debemos facer actividades que contribúan a prestixiar a lingua.

OBXECTIVOS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

OBXECTIVOS XERAIS

- Utilizar a lingua galega de xeito natural nas comunicacións.
- Adquirir unha imaxe positiva da lingua galega.

- Expresarse de xeito oral e escrito en lingua galega.
- Utilizar de xeito correcto a lingua galega tanto oral como escrito.
- Ampliar os contextos de aparición do galego de feito que se una galego tamén con tempo de lecer.
- Utilizar e crear material multimedia no proceso educativo en galego.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Utilizar a lingua galega de xeito activo nas actividades de centro (proceso de ensino- aprendizaxe, administración, relación co contorno ...)
- Potenciar o uso oral e escrito da lingua galega (carteis, letreiros ...)
- Prestixiar o uso da lingua galega mediante a súa utilización en distintos ámbitos e a difusión de distintas novas que afecten ao galego.
- Colaborar con distintas entidades na difusión da lingua galega (Concello, contacontos ...)
- Celebrar as festas de tradición cultural propias de Galicia.
- Coñecer e valorar a vida e obra de personaxes importantes na creación literaria en galego, na súa difusión e defensa do idioma.
- Potenciar e colaborar en distintos proxectos a nivel de centro realizando un traballo conxunto e unificado.
- Aumentar a dotación de material e recursos en galego.
- Aportar recursos á comunidade educativa para fomentar e mellorar os usos orais e escritos do galego.
- Dar a coñecer distintos textos de tradición cultural, así como xogos e costumes galegas.
- Potenciar o uso do galego na rede e no ámbito tecnolóxico.
- Favorecer a participación do alumnado en actividades de lecer en galego.

ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS EN EDUCACIÓN INFANTIL

Na etapa de Educación Infantil estase a observar un descenso significativo do número de nenos/as que falan en galego. Aínda que nesta etapa tense en conta a lingua materna da maioría dos nenos/as, tamén é certo, que un dos obxectivos de etapa é que vaian adquirindo ambas linguas. Consecuentemente, séguese traballando a perfección e mellora da lingua castelá pero cun maior reforzo

na lingua galega, que é a lingua desfavorecida. De aí que a aprendizaxe da lectoescritura lévase a cabo en ambas linguas.

Nesta etapa trabállase a través de proxectos de investigación, partindo dos intereses e coñecementos do neno/a e do seu nivel de desenvolvemento. A linguaxe e expresión oral nesta etapa son fundamentais.

- Na asamblea promóvese a expresión oral e libre de cada neno/a.
- No desenvolvemento dos proxectos, partindo do nivel de cada curso e neno, promóvese a expresión escrita e oral en galego.
- Lectura, dramatización, narración, invención de contos, historietas, recitado de poesías
- Traballo con cancións: audición, memorización, dramatización...
- Memorización de algúns textos de tradición oral e cultural.
- Teatro, contacontos, títeres
- Xogos co linguaxe.

LINGUA NA QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Na etapa de Educación Primaria a distribución das linguas é equitativa e distribúese como segue:

1º curso

Lingua Galega e Literatura (4): galego

Lingua Castelá e Literatura (4): castelán

Matemáticas (5): castelán

Ciencias Sociais (3): galego

Ciencias da Natureza (2): galego

Lingua Estranxeira (2): inglés

Educación Artística (2): música en galego; plástica en castelán.

Educación Física (2): castelán.

Relixión/Valores Sociais e Cívicos (1): galego.

2º curso

- Lingua Castelá e Literatura (4): castelán.
- Lingua Galega e Literatura (4): galego.
- Lingua Estranxeira (2): inglés.
- Educación Artística (2): música en galego; plástica en castelán.
- Educación Física (2): castelán.
- Matemáticas (5): castelán.
- Ciencias Sociais (2): galego
- Ciencias da Natureza (2): galego.
- Relixión (2) / Valores Sociais e Cívicos (2): galego.

3º curso

- Lingua Galega e Literatura (4): galego.
- Lingua Castelá e Literatura (4): castelán.
- Matemáticas (4): castelán.
- Ciencias Sociais (3): galego.
- Ciencias da Natureza (2): galego.
- Lingua Estranxeira (3): inglés
- Educación Artística (2): galego en música; plástica en castelán.
- Educación Física (2): castelán.
- Relixión/Valores Sociais e Cívicos (1) : galego.

4º curso

- Lingua Castelá e Literatura (4): galego.
- Lingua Galega e Literatura (4): castelán.
- Lingua Estranxeira (3): inglés.
- Educación Artística (2): música en galego; plástica en castelán.
- Educación Física (2): castelán.
- Matemáticas (4): castelán.
- Ciencias Sociais (2): galego.
- Ciencias da Natureza (2): galego.
- Relixión/Valores Sociais e Cívicos (1): galego.

Libre Configuración (1): galego.

5º curso

Lingua Galega e Literatura (4): galego.

Lingua Castelá e Literatura (4): castelán.

Matemáticas (5): castelán.

Ciencias Sociais (2): galego.

Ciencias da Natureza (2): galego.

Lingua Estranxeira (3): inglés.

Educación Artística (2): música en galego; plástica en castelán.

Educación Física (2): castelán.

Relixión/Valores Sociais e Cívicos (1): galego.

6º curso

Lingua castelá e literatura (3): castelán.

Lingua galega e literatura (3): galego.

Lingua estranxeira (3): inglés.

Educación artística (2): música en galego; plástica en castelán.

Educación física (2): castelán.

Matemáticas (5): castelán.

Ciencias Sociais (3): galego.

Ciencias da Natureza (2): galego.

Relixión/Valores Sociais e Cívicos (1): galego.

Libre Configuración (1): galego.

CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA DO CONTORNO

Para determinar a lingua de contorno pártese dos seguintes referentes:

- Enquisas para as familias de carácter anónimo que tratan de poñer de manifesto non só a lingua materna, senón tamén as actitudes cara a lingua galega e a lingua de relación entre pais e fillos.
- Observación sistemática da lingua que empregan por defecto os nenos/as nas súas comunicacións.

- Entrevista coas familias de nenos de novo ingreso, nestas entrevistas inclúense ítems para coñecer a lingua de uso habitual na familia.
- Datos achegados polo mapa sociolingüístico de Galicia.
- Datos estatísticos oficiais.

MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO

O feito de realizar todas as celebracións oficiais e actividades conxuntas en galego, de empregar o galego a nivel administrativo, pedagóxico e na relación coas familias, supón unha importante medida de reforzo para o correcto uso lingüístico da nosa lingua. Ademais toda a información visual que enche o centro: carteis, letreiros... en galego son un reforzo importante. Non podemos esquecer as novas tecnoloxías, estamos dinamizando os blogs e a web, de xeito que se potencie o uso do galego.

Tamén se levará a cabo unha avaliación que nos axude e oriente na planificación lingüística; a partir da que se tomarán as medidas de apoio e reforzo precisas en función dos resultados. Avaliaranse a participación no Concurso “a Xoaniña” e a calidade dos traballos presentados ao mesmo.

Por outra banda, o traballo sobre as actitudes desenvolverase a través de reforzos positivos debido a que os nenos/as destas idades contemplan a realidade lingüística dun xeito menos conflitivo cós adultos.

Promoverase o perfeccionamento da lingua galega facilitando información sobre normas ortográficas, correctores, tradutores, material informático de diversa índole en galego e información sobre cursos e programas de formación ó alcance do profesorado.

MEDIDAS PARA O CORRECTO APROVEITAMENTO DAS ENSINANZAS DO ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan depende da problemática individual de cada neno/a. As medidas propostas irán desde: realizar actividades colaborativas, grupos de xogo para facilitar a inmersión lingüística, traballos de equipo, pequenas dramatizacións e obras de teatro, etc. Levaranse a cabo programas de apoio, sempre en función das necesidades individuais e particulares do alumno/a en cuestión.

En xeral, as medidas de atención á diversidade implican:

- Orientación e acción tutorial
- Apoio dentro e/ou fóra do aula
- Reforzo educativo

CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS

• Aspectos organizativos

- Reunión a principio de curso para establecer e/ou revisar as secuencias didácticas a realizar ao longo do curso.
- Reunión dos mestres/as de L1, L2 e L3 dun mesmo curso para coordinar as súas accións nas linguas.
- Reunións trimestrais de seguimento, retroalimentación e avaliación.

• Aspectos pedagóxicos

- Tratamento conxunto de textos de modo interdisciplinar en L1, L2, L3, adaptados ao nivel e competencia de cada grupo clase.
- Potenciación do traballo cooperativo, en parella, pequeno e gran grupo.
- Lectura, comprensión, análise e interpretación de textos e/ou oracións, en función do nivel do grupo- clase.
- Expresión de opinións e ideas en gran grupo ou en grupos reducidos, tanto a nivel oral como escrito.
- Respetto polas opinións e actuacións dos demais.
- Análise da propia lingua a nivel estrutural (semántica, sintáctica...)
- Valoración das tradicións e costumes propios e vinculados á lingua estranxeira.
- Favorecemento do diálogo como medio para aprender e para aprender a pensar.
- Lectura como fonte de lecer e entretenemento.
- Adaptación e/ou elaboración común de material para levar a cabo as secuencias didácticas.

LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

As medidas adoptadas referentes á consecución do obxectivo que nos propuxemos de incrementar a funcionalidade da lingua galega van encamiñados en dúas vertentes: por un lado, reforzar

e continuar actuacións efectuadas en cursos pasados e, polo outro, ampliar os campos de actuación a elementos clave, como son as TIC e o medio externo.

Seguiranse as seguintes **estratexias de actuación:**

- Favorecer contextos nos que o alumnado teña que expresarse de xeito oral e escrito en galego introducindo o uso de medios audiovisuais.
- Familiarizalo con actividades de lecer en galego (teatro, lectura, cine ...)
- Promover a creación artística e literaria do noso alumnado .
- Potenciar a aplicación das novas tecnoloxías para desenvolver o uso do galego.
- Potenciar a creación de recursos e materiais en galego.
- Difundir as actividades do centro.

Proxectos de traballo

- Obradoiros de linguaxe oral: potenciar o uso da lingua escrita e oral favorecendo a creación por parte do alumnado de spots publicitarios, recetarios de cociña, programas de televisión, noticias, artigos de opinión, podcast ...
- Obradoiros de arte dramático: potenciar a expresión dramática do noso alumnado en galego.
- Obradoiros de linguaxe escrito
- Apadriñamentos lectores
- Teatro, cine en galego: trátase de traer ao centro actuacións en galego ou promover que o alumnado acuda ao teatro, cine... galego.
- Apertura e colaboración coas familias e coa contorna.
- Xogos tradicionais e populares

Actuacións consolidadas

- o Ter carteis, letreiros, avisos ... en galego polo centro.
- o Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno: boletíns de notas, comunicados, correspondencia...
- o Continuar coa realización en galego da documentación administrativa e pedagóxica. As comunicacións internas no centro tamén son en galego.
- o Ter en galego os cuños do centro.

- o Emprego por parte do profesorado da lingua galega nas conversas coas familias (reunións de pais...), co alumnado e co persoal non docente.
- o Uso do galego nos actos que organiza o centro: O Día das Cabazas, O Magosto, Festival de Panxoliñas, O Día da Paz, Entroido, Día da Muller, O Festival das Letras Galegas, Día do Medio Ambiente.
- o Editar en galego o Xornaliño, xornal de edición anual, o cal ten proxección exterior cara ás familias e o contorno.
- o Continuar co Certame de poesía e narrativa: “A Xoaniña”, cuxos gañadores publícanse no Xornaliño e, tamén, os traballos premiados serán recollidos nun libro que formará parte da Biblioteca.
- o Aumentar a dotación de material en galego en colaboración co equipo da Biblioteca.
- o Ter en galego a páxina web do centro, e ir introducindo diversos contidos en galego e hipervínculos con páxinas de interese informativas, lúdicas...;colaborando así, co equipo de PTIC.
- o Publicar na rede o Xornaliño, mellorando a calidade da mesma.
- o Colaborar cos equipos do centro no desenvolvemento do tema anual
- o Recompilar o material informático que axude ó profesorado a traballar en galego, incluíndo a facilitación de recursos como enderezos web.
- o Colaborar con outros centros na difusión da lingua galega.
- o Facilitar información sobre cursos, seminarios, etc. que favorezan o perfeccionamento da lingua galega.

AVALIACIÓN

Este proxecto lingüístico de centro concrétase ao inicio nunha addenda anual onde se recollerán medidas específicas de actuación. Avaliarase o proxecto cada curso escolar.

Ao principio de curso, levaremos a cabo a confección da addenda anual e, asemade, o proxecto de fomento de uso do galego para concretar que obxectivos queremos lograr, como e en que momentos. Tamén fixaremos uns criterios de avaliación dos mesmos.

Ao final do curso avaliaremos o proxecto e estableceremos medidas de perfeccionamento e mellora de cara a vindeiros cursos.

A avaliación do proxecto realízase partindo do Modelo evaluativo de programas educativos de Ramón Pérez Juste.

a) Avaliación inicial

Avaliase a calidade intrínseca do programa, a adecuación ao contexto e a situación de partida. Consideramos que o programa é coherente co Proxecto Educativo de Centro e as bases psicopedagógicas. Adecúase aos suxeitos, situacións e necesidades. Especificanse precisa e claramente as metas do proxecto. Consideramos que se plasma nun programa realizábel e factíbel, viable e realista, xa que parte dos propios recursos do centro.

b) Avaliación procesual

O obxectivo da avaliación de procesos é a acumulación de información para a toma de decisións de mellora. Partimos de dous criterios básicos. Por unha banda, a conformidade coa planificación, a través da constatación da existencia de desfases e desaxustes, a comprobación de resultados parciais, a observación da aparición de efectos non planeados e a incardinación efectiva no Proxecto Educativo de Centro. Por outra banda, a satisfacción do persoal, constatada a través de entrevistas a persoas e grupos (mestres, ANPA...) e as valoracións que as familias realizan nas reunións que o profesorado realiza cos pais/nais/titores legais do seu alumnado.

O EDL reunirase trimestralmente para levar a cabo unha avaliación da posta en marcha do proxecto. Avaliaranse na posta en marcha do programa:

- Se se toman as iniciativas pertinentes para que a implantación do programa sexa ben acollida.
- Se a metodoloxía empregada resulta axeitada aos obxectivos do programa.
- Se o alumnado amosa interese e motivación
- Se os niveis parciais de logro se consideran adecuados.

Avaliaranse no marco de aplicación do programa:

- O ambiente xeral do centro
- Se se detecta algún conflito entre os obxectivos e plantexamentos do programa cos do proxecto educativo ou cos doutros mestres do equipo.
- Se se aprecia satisfacción nos responsables do programa, nos destinatarios e nas demais partes implicadas.

c) Avaliación final

Avaliaranse os logros e valoraranse os resultados. Elaborarase un cuestionario para o profesorado e o alumnado co gallo de coñecer a valoración que estes fan do proxecto.

d) Institucionalización da avaliación do programa

A avaliación do programa formará parte do mesmo programa, co obxectivo de que o proceso de elaboración do programa, aplicación, avaliación de resultados, propostas de cambio e mellora formen parte dun continuo.